

**CAMPIONATO GALEGO UNIVERSITARIO DE ORIENTACIÓN A PE
CAMPUS DE ELVIÑA
A CORUÑA, 29 DE ABRIL DE 2017**

REGULAMENTO DEPORTIVO E DE SEGURIDADE

1. PARTICIPANTES

Poderán participar neste campionato todos os membros da comunidade universitaria (estudantes, persoal de administración e servizos e persoal docente e investigador, sen limitacións de idade) das Universidades de A Coruña, Vigo e Santiago de Compostela.

2. INSCRICIÓNS

Até as 14 horas do venres 21 de abril, a través dos servizos de deportes das respectivas Universidades.

As Universidades de Vigo e Santiago de Compostela remitirán as súas inscricións a Área de Deportes da Universidade da Coruña, por correo electrónico (infodeportes@udc.es), o mesmo día 21 de abril.

Serán os servizos de deportes das respectivas universidades os que comprobarán a pertenza dos inscritos á súa comunidade universitaria.

3. ACREDITACIÓN

A acreditación dos participantes realizarase na zona de concentración (campo de fútbol do Campus de Elviña), a partir das 9:30 horas.
Documentación a presentar: D.N.I., Pasaporte ou Carné de conducir.

4. PERCORRIDO

Haberá un único percorrido, preferentemente de distancia media, para todos os participantes.

5. SISTEMA DE COMPETICIÓN

Carreira de orientación a pé, tipo individual diurna e lineal, preferentemente de distancia media, cabendo a posibilidade de saída en masa.

6. CLASIFICACIONES

Establecerase unha clasificación individual integrada por todos os participantes (que tamén se ofrecerá desglosada en orientadoras e orientadores).

Haberá aismismo unha clasificación por Universidades, que resultará de sumar as catro mellores puntuacións de cada Universidade (dúas correspondentes a orientadoras e dúas correspondentes a orientadores).

A efectos da clasificación por Universidades, as puntuacións de cada orientadora virán dadas do seguinte xeito: a primeira orientadora clasificada obtén 100 puntos; da segundo en adiante, dividirase o tempo da orientadora en cuestión (dividendo) entre o tempo da primeira (divisor), e o cocente multiplicarase por 100. Do mesmo xeito se procederá no que se refire ás puntuacións dos orientadores. Gaña a Universidade con puntuación máis alta.

7. PREMIOS

Entregaranse ás tres primeiras orientadoras, ós tres primeiros orientadores, así como ás tres Universidades, pola súa orde.

8. MAPA E TERREO

Campus de Elviña-A Zapateira. Posee grandes zonas abertas, con ampla visibilidade e penetrabilidade. Boa rede de camiños. Zonas concentradas de vegetación.

9. NORMAS TÉCNICAS

- O mapa entregarase na saída, e será responsabilidade de cada corredor comprobar que está en perfectas condicións.
- A hora de saída asignada será válida aínda que o corredor a tome con retraso.
- Fíxase un tempo máximo de dúas horas para todos os percorridos. Transcurrido ese tempo, o participante quedará descalificado, e deberá regresar inmediatamente á zona de meta.
- O percorrido será realizado obrigatoriamente na orde indicada.
- É obrigatorio seguir os puntos de cruce de estrada sinalados pola organización.
- Está prohibido pisar o césped do campo de fútbol, as zonas axardinadas dos campus, os terreos de cultivo e máis os terreos expresamente marcados como prohibidos.
- Todo corredor que abandone a proba deberá dirixirse ó control de meta e entregar o seu mapa e control.
- Poderán ser descalificados os corredores que cometan irregularidades antes, durante o despois da proba.
- Os corredores deberán realizar a proba en silencio, quedando prohibida a asistencia entre orientadores (agás en caso de accidente, pois aquí é obligatoria).

- Queda prohibido adestrar na zona de competición dende a publicación do presente Regulamento.

10. NORMAS DE PREVENCIÓN DE RISCOS E SEGURIDADE

- Os orientadores participan na proba baixo a súa propia responsabilidade, asumindo os riscos inherentes ás carreiras de orientación a pe.
- Lémbrese especialmente que os corredores deben respetar en todo momento as normas de circulación relativas os peóns, debendo transitar obrigatoriamente polas beirarrúas e cruzar as estradas polos pasos de peóns.
- Efectuada a avaliación dos riscos específicos para esta proba, infórmase especialmente sobre o seguinte:

¡ATENCIÓN: ZONAS URBANIZADAS CON ESTRADAS!

A carreira realizarase nos Campus universitarios de Elviña e A Zapateira, unidos por unha estrada. Aínda que o día da proba, e na hora en que se fará, a circulación de vehículos e escasa, os participantes deben atender e respetar o paso dos posibles vehículos en todo momento, transitar sempre polas beirarrúas e cruzar polos pasos de peóns.

¡ATENCIÓN: ZONAS CULTIVADAS!

Aparecen perfectamente identificadas no mapa coa simboloxía correspondente, quedando prohibido cruzar por elas.

¡ATENCIÓN: ZONAS MARCADAS NO MAPA COMO PROHIBIDAS!

Trátase de zonas concretas, de tránsito absolutamente prohibido, perfectamente identificadas no mapa, e facilmente salvables no terreo por medio de camiños.

11. COMITÉ DE COMPETICIÓN

O Comité de Competición estará formado por tres membros (un por cada Universidade participante). As Universidades de Vigo e de Santiago de Compostela farán constar no formulario de inscrición a persoa que designan para formar parte desde Comité. O Comité de Competición resolverá as posibles reclamacións relativas o presente Regulamento, segundo as súas normas e as normas vixentes na Comunidade Autónoma de Galicia para o deporte de orientación.

ANEXO I PROGRAMA DO DÍA

- 9:30 Chegada das delegacións e acreditacións, no campo de fútbol do Campus universitario de Elviña
- 10:30 Comezo da proba
- 13:00 Entrega de trofeos e clausura